

# Nódulos de Orf

## Orf nodules / Nódulos de Orf

Cristina Rúa Castro<sup>1</sup>, José Benito Martínez Rodríguez<sup>2</sup>

Cad. Aten. Primaria  
Ano 2019  
Volume 25 (2)  
Páx. 26 - 27

1 MÉDICA RESIDENTE DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA, UAP CONCEPCIÓN ARENAL, EOXI SANTIAGO DE COMPOSTELA.  
2 MÉDICO DE FAMILIA, CENTRO DE SAÚDE LOUSAME, EOXI SANTIAGO DE COMPOSTELA.

AUTOR PARA CORRESPONDENCIA: Cristina Rúa Castro. e-mail: cristina.rua.castro@sergas.es

### INTRODUCCIÓN

Un paciente varón de 53 anos acude á consulta por lumbalxia aguda. Trátase dun diabético tipo 2, hipertenso e hipotiroideo, pero con moi bo estado de saúde e condición física. Ademais non fuma nin bebe. Traballa de albanel e vive no rural.

O doente acudeu á consulta por lumbalxia aguda. Mentras se exploraba ao medico chamoulle a atención unha lesión no dedo índice da man esquerda en forma de nódulo concéntrico: un exterior violáceo, no medio branco, de aspecto verrucoso e un centro parduzco (Figura 1). Había unha semana que comezara coa lesión, que ao principio era soamente unha pápula vermella. Causáballe algunha molestia pero non chegaba a ter dor nin prurito francos.



### DIAGNÓSTICO

O diagnóstico diferencial inclúe pioderma gangrenoso, queratoacantoma, lues primaria, nódulo de Orf e granuloma por micobacterias, entre elas tuberculose<sup>1,2,3</sup>.

Aínda así non foi necesario realizar biopsia, cultivo, nin outras probas complementarias para chegar ao diagnóstico xa que o paciente comentou que á muller tamén lle saíra ao mesmo tempo, no mesmo dedo; polo que se citou á paciente na consulta e efectivamente se comprobou que se trataba dunha lesión idéntica na mesma localización (Figura 1).

Considerouse a posibilidade, pois, de que se tratase dun nódulo de Orf cuxo diagnóstico é eminentemente clínico, aínda así realizouse a dermatoscopia que mostrou: unha rexión eritematosa con ulceración central e unha costra parduzca cun punteado marrón, así mesmo unha área blanquecina desestructurada circundante<sup>2,3</sup>. A continuación interrogouse pola existencia de gando vacún, que os pacientes negaron, pero asociaron a aparición das lesións ao inicio dunha nova práctica: daban de mamar a uns anos aos que a ovella non quería darlles dende había xustamente unha semana.

Tardaron en pasar algo máis de un mes e fixérono sen precisar ningún tratamento.

### EXPLICACIÓN FINAL:

O nódulo de Orf é unha zoonose profesional causada por un poxvirus que infecta a gando bovino e ovino e se transmite ao ser humano por medio do contacto directo co animal ou fómite. É considerada por tanto unha enfermidade profesional que afecta a gandeiros, carneiros, cociñeiros, veterinarios<sup>1</sup>...O curso da enfermidade comprende seis fases dunha duración aproximada dunha semana cada unha: maculopapular, en diana, nodular húmeda, nodular seca, papilomatosa e regresiva<sup>1</sup>. Para o diagnóstico precisase unha boa anamnese e exploración física non sendo necesarias outras probas complementarias coma neste caso.

### BIBLIOGRAFÍA:

1. Paredes O., García R., Figueroa Y. Nódulo de los ordeñadores. Folia dermatol. Perú 2006; 17 (3): 133-136.
2. Ana Laura Rosifini Alves Rezende, Fred Bernardes Filho, Natália Aparecida de Paula, Loan Towersey, Roderick Hay, and Marco

- Andrey Cipriani Frade, "Clinical Manifestation, Dermoscopy, and Scanning Electron Microscopy in Two Cases of Contagious Ecthyma (Orf Nodule)," *Case Reports in Dermatological Medicine*, vol. 2018, Article ID 2094086, 3 pages, 2018.
3. Sonia Chavez-Alvarez, MD, Laura Barbosa-Moreno, MD, Alejandra Villarreal-Martinez, MD, Osvaldo T. Vazquez-Martinez, MD, and Jorge Ocampo-Candiani, MD. Dermoscopy of contagious ecthyma (orf nodule). *J Am Acad Dermatol* 2016;74:e95-6
  4. Meier R, Sommacal A, Stahel A, Grünert J, Hoffmann M. Orf - an orphan disease?. *JRSM Open*. 2015 Jul 7;6(6):2054270415593718. doi: 10.1177/2054270415593718. eCollection 2015 Jun